

Asistentes:

Canosa Saa, José
Fariza Nóvoa, María
Fernández Nóvoa Alejandro
Hermida Ramón, José Manuel
Pérez Cid, Benita
Pérez Juste, Ignacio
Teijeira Bautista, Marta

Excusas asistencia:

Álvarez Rodríguez, Rosana
Barreiro Castro, Cándida
Ramos Docampo, Miguel Alexandre

ACTA DA COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDADE DA FACULTADE DE QUÍMICA DO DÍA 19/12/2017

Ás 13 h horas do día 19 de decembro de 2017 reúñese, na Sala de Xuntas do Decanato, a Comisión de Garantía de Calidade (en adiante CGC) da Facultade de Química, previamente convocada, e coa asistencia dos membros reseñados, para tratar a seguinte

ORDE DO DÍA

- 1 Validación, se procede, do informe final do “Plan de Acción Titorial (PAT)” do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca do curso 2016-17.
- 2 Análise das “*Enquisas de Avaliación Docente do Profesorado*” correspondentes ao curso 2016-17.
- 3 Análise das “*Enquisas de Ingreso na Facultade de Química*” do curso 2017-18.
- 4 Análise dos resultados académicos correspondientes ao curso 2016-17.

1. O decano presenta o informe do PAT do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca correspondente ao curso 2016-17, destacando a mellora no funcionamento do mesmo. Tras a correspondente análise, valídase o informe por asentimento.

2. Procedeuse a analizar os resultados das Enquisas de Satisfacción de Avaliación do do Profesorado correspondientes ao curso 2016/2017. A valoración global do profesorado do Grao en Química considerase satisfactorio, xa que os valores para cada un dos cursos sitúanse en torno a este valor medio e destaca a mellor valoración proporcionada polos estudiantes de primeiro curso. Ademais a participación incrementouse notablemente superando os niveis do curso 2012/2013.

Nos Mestrados en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca e en Investigación Química y Química Industrial os resultados das enquisas consideranse adecuados, xa que presentan valoraciones media comparables aos valores medios da

Universidade. Destacouse positivamente que se disponen de datos do Mestrado en Ciencia e Tecnoloxía de Conservación de Produtos da Pesca por primeira vez dende o curso 2012/2013.

3. Analízanse os resultados das Enquisas de Ingreso na Facultade de Química realizadas ao comezo deste curso académico 2017/2018 para valorar o perfil da procedencia académica dos estudiantes de primeiro curso. A enquisa inclúe a valoración dos coñecementos previos, a motivación dos estudiantes para elixir esta titulación, e as súas expectativas de formación. A modo de resumo dos aspectos más significativos, o 65% dos estudiantes elixe o Grao en Química como primeira opción. Ademais, o 100% do alumnado cursou, o ano pasado, as materias de Matemáticas e Química e o 60% cursou Física.

4. A análise dos resultados académicos correspondentes ao Grao en Química no curso 2016/2017

presentan unhas tendencias moi similares ós obtidos en cursos académicos previos, observándose unha lixeira mellora sostida nas taxas xerais dos tres últimos cursos e melloras sensibles nos resultados dalgunhas materias. O Grao presenta unha taxa de éxito de aproximadamente o 70% e de rendemento do 65%. Non se detecta ningunha materia con valores discordantes coas medias do Grao. As flutuacións entre materias dentro de cada curso son moderadas e non se pode detectar ningunha materia en que os resultados académicos amosen unha taxa de aprobados sistematicamente máis baixa. Comparando co Sistema Universitario Español, a taxa de éxito está 8 puntos por debaixo e a de rendemento 3 puntos. O Grao presenta ademais unha taxa de avaliación moi alta, de aproximadamente o 92%. A CGC considerou que algún destes indicadores ainda pode mellorar no futuro, pero debe manterse unha análise continuado dos indicadores para introducir cambios, por exemplo nas accións de coordinación, que poidan contribuír á mellora dos resultados.

Con respecto aos mestrados que se imparten na Facultade, os seus resultados académicos consideraronse moi satisfactorios en todos os casos.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:48 h do día sinalado, e como Secretaria dou fe, co visto e prace do Decano.

O Secretaria

Marta Teijeira Bautista

O Decano

Ignacio Pérez Juste

